

Santa Cruz 13 de febreiro de 2014

A Xunta Directiva da ANPA Os Pazos do Instituto María Casares de Oleiros quere denunciar a situación de inseguridade vial que se produce na *Recta de Bastiagueiro* onde se ubica o centro educativo no que cursan estudos os nosos fillos.

Despois do novo atropello dun rapaz o pasado martes quereríamos, pola presente, adherirnos á comunicación remitida pola dirección do centro á Consellería de Educación e aos medios informativos para reiterar a necesidade de mellorar a sinalización e outros elementos que contribúan a seguridade dos estudantes.

O Concello de Oleiros tén solicitado en reiteradas ocasións á Consellería de Medioambiente e Infraestrucuras, titular desta estrada, que se mellore a sinalización vertical e horizontal nas proximidades do centro educativo. O paso de peóns situado xunto á entrada do Instituto ten agora mesmo incluso a pintura desgastada. É necesario, como sinala o concello, que sexa un paso luminoso e con advertencia dun sinal vertical especial nas proximidades.

É certo que tras outros sucesos deste tipo o Concello de Oleiros pon en marcha un dispositivo de tráfico en coincidencia cos horarios de entrada e saída do Instituto. Pero no momento en que remata, caso do atropelo que tivo lugar esta semana, a situación de seguridade para o peón é precaria. Hai que lembrar que o neno atropelado camiñaba polo paso cebra no momento do suceso, pero é difícil distinguilo sobre todo en condicións de visibilidade deficiente co mal tempo que temos estes días.

Por todo iso consideramos necesaria a colaboración das diferentes administracións para que se busquen solucións a unha situación que afecta a todos os usuarios desta vía fundamental para as comunicacións en Oleiros, tanto peons como automobilistas.

Saúdaos atentamente.

A Xunta directiva